

## Unidade 6. Intercambiamos información

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Rodea os verbos.

- Berrastes e a rapaza **levou** un susto.
- Nós **xogamos** ao fútbol no recreo e eles **xogan** ao baloncesto.
- Eu **fun** ao zoo cos meus pais e ti **fuches** ao circo.

### 2. Clasifica os verbos da actividade anterior.

	Singular	Plural
1. <sup>a</sup> persoa	<b>fun</b>	<b>xogamos</b>
2. <sup>a</sup> persoa	<b>fuches</b>	<b>berrastes</b>
3. <sup>a</sup> persoa	<b>levou</b>	<b>xogan</b>

### 3. Escribe ao lado de cada verbo se está en presente, pasado e futuro.

- nadabamos: **pasado**
- xogarei **futuro**
- salto **presente**
- facemos **presente**
- leremos **futuro**
- paseaba **pasado**

### 4. Escribe unha oración con cada un de estes inicios. Resposta libre.

- Hoxe... \_\_\_\_\_
- A semana que vén... \_\_\_\_\_
- O mes pasado... \_\_\_\_\_
- Onte... \_\_\_\_\_

### 5. Fai unha análise da seguinte oración.

Ela ten uns zapatos vermellos.

- Ela → **pronome persoal 3.<sup>a</sup> persoa singular.**  
ten → **3.<sup>a</sup> persoa de singular do presente.**  
uns → **artigo indeterminado masculino plural.**  
zapatos → **substantivo común masculino plural.**  
vermellos → **adxectivo masculino plural.**

## Unidade 6. Intercambiamos información

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 6. Le as oracións, escribe o infinitivo das formas verbais destacadas e clasifícaas.



- Cando **vivía** na Coruña, **subín** a Torre de Hércules: pareceume fantástica.
- Miña nai **escribirá** un libro de contos no que vai **describir** a miña aldea.
- O disfrace do ano pasado non me **serve** para a festa deste ano.
- No verán **virá** a miña curmá.

Vivir, subir, escribir, describir, servir, vir.

Verbos rematados en -bir	Verbos rematados en -vir
subir, escribir, describir	vivir, servir, vir

### 7. Completa con b ou v.

cohib**ir**                      prohib**ido**                      viñ**er**on                      sobreviv**e**s                      concib**e**s  
percib**ir**                      sucumb**ir**on                      recib**e**                      serv**ir**on                      viviu**o**

### 8. Escribe os puntos suspensivos onde sexa necesario.

- —Por que non vas? —Non sei... é que...
- O labrador sementou verzas, patacas, cebolas...
- A cabalo regalado...
- No zoo podes ver leóns, xirafas, gacelas...
- E se nos sorprenden...

### 9. Ditado.

Xavier escribiu uns poemas moi fermosos para enviarlle á súa nai polo seu aniversario. Ao recibilos caéronlle bágoas de emoción percibindo neles o amor do seu fillo. Nos xogos olímpicos participan países de todos os continentes: Europa, África... Os deportes en competición son: baloncesto, atletismo, tenis...

## Unidade 6. Intercambiamos información

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_


### 10. Le a poesía.

Había unha vella chamada **Lucía**  
que dunha mirada sagaz **distinguía**

os meses das mesas, os bagos das **vagas**  
os tempos das tempas, os canos das **canas**,

as barbas dos barbos, as veas dos **beos**,  
as mañas dos maños, as pelas dos **pelos**,

os casos das casas, os bolos das **bólas**,  
os pasos das pasas, os soles das **solas**, [...]



### 11. Subliña a última palabra de cada verso e escríbeas.

**Lucía**

**vagas**

**beos**

**bólas**

**distinguía**

**canas**

**pelos**

**solas**

- Rodea as letra que se repiten en cada parella.
- Que se repite, os sons de vogais, ou vogais e consoantes?

**De vogais e de vogais e consoantes.**

### 12. Completa o poema coas seguintes palabras, fixate na rima.

traspés

siamés

través

Un día deu un **traspés**  
co seu gato **siamés**  
porque escorregou na vía  
ao pisar un policía  
que durmía de **través**.



## Unidade 6. Intercambiamos información


Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 13. Le o texto.

#### As plantas

As plantas, pertencentes ao reino vexetal, e das que se coñecen máis dun millón de especies, foron os primeiros seres vivos que apareceron na Terra.

Son as que producen o osíxeno indispensable para a vida. As plantas adoptan infinidade de formas e tamaños e habitan en calquera das condicións posibles da vida na terra.



### 14. Contesta.

- Cal é o título do texto anterior?

As plantas

- Cantos parágrafos ten?

Dous.

- Como os diferencias?

Pola separación do punto e á parte.

- No primeiro parágrafo, cal é a idea principal?

As plantas foron os primeiros seres vivos da Terra.

- Cal é a idea secundaria?

Que se coñecen máis dun millón de especies.

### 3. Le o segundo parágrafo e subliña de vermello a idea principal e de azul a idea secundaria.